



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 8/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZAOITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a dezaeito de xullo de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asisten:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Esta presente na sesión o Sr. Interventor da Corporación D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que no punto de quinto da orde do día: Mocións presentadas polo grupo político PSdeG-PSOE e polo grupo político BNG, existe o mesmo erro ao indicar os resultados das votacións das urxencias.

### Onde di

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

.../...

### Debe dicir

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi aprobada por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

.../...

A acta da sesión extraordinaria, de data 27 de xuño de 2024, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstencións da Sra. Martínez Vieites e o Sr. Villaverde Rey, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada pola Sra. Rivadas López.

## 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do seguinte:

- Informe de control financeiro realizado pola Intervención municipal no que se recolle un plan de medidas correctoras a través dun plan de acción no que se recollan a mediadas a adoptar, así como o responsable e calendario para a súa implementación, que son as seguintes: Planificar a actividade contractual, efectuar as propostas de gasto correspondentes previas á realización de obras, controlar a execución orzamentaria do capítulo un, evitar o número excesivo de programas de contratación de persoal, na medida do posible proceder á cubrir as necesidades de persoal do concellos, seguir a tramitación interna nos expedientes de contrato menor, reiterar a necesidade de efectuar un plan estratéxico de subvencións, na medida do posible utilizar o procedemento ordinario para o outorgamento de subvencións de concorrencia competitiva, nos expedientes de subvencións limitar os pagos anticipados sen garantía, controlar os prazos de tramitación, levar un seguimento da correcta xustificación das mesmas, así como verificar a presentación en prazo das correspondentes contas xustificativas.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

## 3. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2024.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ao exercicio 2024, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta (**Expdte. 2004/T017/000001**).

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 31/05/2024, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 109, de fecha 06/06/2024 e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que en canto ao documento en si non teñen nada que obxectar en canto ao traballo do persoal técnico. O primeiro que teñen que facer alusión é á débeda pública, segue existindo a pesar de que se presume dunhas contas saneadas cada vez que se ten oportunidade, e verdade que diminuíu nos últimos anos, pero este concello gasta máis en salarios políticos que en amortizar a débeda, tal e como se reflicte na documentación. Para amortizar débeda destínanse aproximadamente 86.000 euros, xuros incluídos, mentres se gastan 120.000 euros nas retribucións básicas de órganos de goberno e 116.000 euros noutras indemnizacións á órganos de goberno. Un goberno responsable priorizaría amortizar débeda antes que subir os seus propios salarios, sen embargo as prioridades deste goberno están ben expresadas nesta conta xeral. Na conta xeral do ano anterior figuraban 64.000 euros como gasto para festas populares, na conta que estamos a fiscalizar nesta ocasión imputáronse a este concepto 281.000 euros un desfase brutal que non se xustifica pola oferta de ocio que tiveron durante estes períodos festivos, nin tampouco polo impacto que teñen na hostalería e no comercio local. Xa se especifica no informe de intervención que a fiscalización que permite este documento é limitada, ao seu parecer executar gastos por importe de 20.000, 25.000, 54.000 euros baixo o concepto de outros gastos diversos e que o goberno municipal non explique debidamente a que destinou este diñeiro é unha falta de transparencia absoluta. En taxas da piscina recadábanse 184.000 euros anualmente e agora estamos a falar de 355.000 euros a conta de subirlle o importe a todas as persoas usuarias. Esas taxas que pediron baixar no seu día e que dende o goberno municipal se negaron. Agora vemos como a pesar de penalizar á cidadanía co aumento dos prezos públicos o remanente de tesourería é inferior con respecto ao do ano anterior, contamos con 333.000 euros menos. Pola tanto, efectivamente a xestión económica non se sostén. Non poden votar a favor da súa aprobación porque do contrario suporía validar a subida dos salarios do alcalde e dos seus concelleiros, que o goberno local non priorice liquidar a débeda ou que cada vez se recade máis diñeiro en taxas da piscina climatizada municipal e se executen cero investimentos en cuestións moi solicitadas por este grupo municipal, como por exemplo en materia de accesibilidade. Tampouco poden votar un documento que non permite a fiscalización promenorizada do diñeiro que gasto o goberno local, diñeiro de toda a cidadanía que presenta moitas necesidades e que poucas delas teñen resposta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que analizada a conta xeral segundo o exposto na documentación que lles foi remitida, o que a conta xeral revela é a incapacidade deste goberno municipal, lembremos en maioría absoluta, logo de nove anos para regularizar a situación dos contratos vencidos por subministración ou por prestación de servizos, e por desgraza unha vez máis teñen que por de manifesto esta situación irregular nesta ano 2023 de ata oito contratos. Reclamación de danos, asesoramento xurídico, xestión de escola infantil, mantemento de alumeados públicos, servizos de conserxería e limpeza de edificios municipais, recollida de papel cartón, recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e servizo de asistencia técnico-urbanística. Este último contrato foi adjudicado o tres de xuño de 2023, regularizándose a súa situación na metade do ano. Deixouse vencer o contrato



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, que supón cada mes 48.250 euros, cada ano 579.000 euros. Na aprobación do orzamento de 2023 o goberno municipal anunciou un orzamento de 14,2 millóns de euros na prensa, que o alcalde vendeu como o máis inversor nos derradeiros nove anos e que crecía un 29 % con respecto ao do ano 2022. A liquidación do orzamento que se achega coa conta xeral revela iso non foi así. Recollíanse partidas como a Senda do Balado á Pontraga po un importe de 1,5 millóns de euros, o carril bici entre a Pontraga e Guindiboo por importe de 550.000 euros, rehabilitación do local social do Mesón do Vento para crear unha vivenda de alugueiro social por importe de 184.000 euros. As mesmas quedaron sen executar ao carecer dos fondos precisos por existir un orzamento que estaba inflado, so con estes proxectos en 2,220 millóns de euros. Co que estaríamos a falar dun orzamento que sería o habitual no concello de Ordes entorno a 12 millóns de euros. Un orzamento aprobado no mes de agosto, quedando catro meses para o remate do ano. Non é lóxico que existan estes desaxustes ao non existir o crédito necesario para levar a cabo estes proxectos. Esta é a realidade e non a que se vendeu no seu día á veciñanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unha vez máis e como todos os anos demostran un descoñecemento do que é a contabilidade dunha administración pública e manifesta e notoria. Da igual que fale o PSdeG-PSOE ou o BNG. O que máis lle preocupa é que acuse de determinadas cuestións cando ten os técnicos á súa disposición como xa lle dixo en moitas ocasións e non é quen de preguntar. Non lle van a detallar os gastos nos capítulos ou subcapítulos. Cando fala das partidas de gastos diversos ten que achegarse á intervención e alí llo van a dicir. Insiste que están a súa disposición para poder preguntar. En canto ao BNG, xa o faláron moitas veces, oxalá estiveran todos os contratos pendentes resoltos pero non depende exclusivamente da vontade política, ese é o único discurso que vai a trasladar, están aquí os técnicos, defende o seu traballo, un exercicio da para o que da. Hai pregos de contratos nos que se está a traballar. Para que teñan unha cifra e o vaian asimilando o contrato de recollida de residuos sólidos urbanos vai a incrementarse de 600.000 euros a 1 millón de euros. É moi fácil ese discurso de quere comparar os ingresos da piscina climatizada do ano 2023 cos dos anos 2021 e 2022, cando baixou o pago de cotas e socios debido á pandemia e os veciños deixaron de pagar e houbo que soportar os gastos directos, indirectos e de persoal para o mantemento da piscina no día a día exactamente igual. É una comparación totalmente ridícula e absurda. En canto ao desaxuste que hai na incorporación de remanentes, cónstalle que o Sr. Vidal estivo preguntando por dita situación e foi informado polos técnicos de intervención. Hai proxectos que están consignados por que se fixo a solicitude con aportacións municipais que están nos orzamentos do ano 2023 e outros de carácter plurianual que houbo que incluílos non momento que chegou a resolución de concesión da subvención. Xa o explicaron aquí, os problemas da plataforma Coffee para incorporar os proxectos do ITJ, o mesmo coa incorporación do proxecto da escola infantil financiada polos fondos Next Generation pola incompetencia para por en funcionamento esta plataforma, obras que tiñan que estar iniciadas en agosto de 2023 e non se puido facer ata xaneiro de 2024. Non toda a culpa é deste goberno municipal. Moitas das axudas que están incorporadas a ese orzamento, parte da súa consignación está nas arcas municipais en contas específicas para a súa fiscalización. Houbo que consignar os proxectos subvencionados polo ITJ. Se temos un mínimo de coñecemento do funcionamento da administración. Este ano consignouse o proxecto de execución dun parque infantil no CEIP Campomaio e non veu concedida a subvención, esta partida non se vai a poder executar tal e como estaba prevista nos orzamentos. Claro que se xera un desaxuste. O orzamento de 2023 foi un dos máis grandes da historia, no ano 2010-2011 chegouse a aprobar un orzamento de 16-17 millóns de euros polo Plan E. No ano 2023 se conseguiron dúas obras moi importantes que teñen que estar executadas no ano 2026. Ese crédito esta dispoñible e vaise incorporando como remanentes. Esa é a realidade da consignación orzamentaria, por que non está executado. É a realidade. Están intentando resolver os contratos pendentes, pero a súa resolución tamén vai a supor un aumento do que vai haber que pagar. En relación á débeda, se quere falamos da débeda do ano 2015 cando era de máis de cinco millóns de euros. Isto si quea era un problema. Sorte temos que hoxe haxa que pagar en amortizacións e xuros menos do que costa esta corporación ou este grupo de goberno. A súa cantinela vai a seguir sendo o soldo do alcalde ou os salarios desta



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

corporación ata o 2026. O primeiro goberno de coalición que se formou no ano 2007-2011 costou 150.000 euros. No ano 2024 estase a gastar menos do que gastaron vostedes o PSOE nun goberno de coalición que se formou neste concello e xa pasaron dezaseis anos. Analicemos as cifras e saibamos trasladarllas á poboación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se está a referir a datas anteriores á súa presenza nesta corporación. Está aquí para fiscalizar o seu goberno, non a de gobernos anteriores.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na súa intervención non se referiron á labor dos técnicos municipais. Non cuestionamos a súa labor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non dixo que vostedes a cuestionasen. Dixo que entende que cuestións o traballo da execución orzamentaria e non todo depende deste goberno ou dos técnicos, a veces resultan influídos polo que sucede noutras administracións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que os contratos caducados, pode ser que sexa un, pero hai varios que levan moitos anos, os técnicos teñen o tempo para a súa regularización, ha varios que seguen aí ano tras ano, é importante cumprir a lexislación de contratos do sector público. A consignación das partidas orzamentarias para a execución das obras do ITJ, tamén se pode facer unha modificación de crédito tan pronto se outorga a subvención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa as tiñan outorgadas e se fixo o ingreso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na liquidación non consta ese ingreso na partida orzamentaria e pon cero.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no ano 2023 fíxose a consignación orzamentaria, diso da palabra. O Sr. Interventor esta presenta na sesión e pode ratificar que no ano pasado nos foi ingresada polo ITJ a cantidade tanto do proxecto en Mesón do Vento como do proxecto da senda da Pontraga. Despois diralle en que datas se ingresou. Ingresaron nos anos 2023, 2024 e van ingresar no ano 2025 e a definitiva no ano 2026. A resolución chegou antes da aprobación dos orzamentos. Esta todo escrito, non hai nada que inventar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non ten nada máis que engadir, mantén o di, van a outorgar un voto en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non quere que falemos do ano 2007, falemos entón do ano 2023, concello de Cerceda gastos do grupo de goberno 122.000 euros, nove concelleiros, cinco mil habitantes. Ordes con 13.000 habitantes mil euros menos. Ou somos nos moi bos e son eles moi malos. A Sra. Ribadas ela mesma se contradí con todo o que indica.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023 nos termos e coa documentación que consta no expediente.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

#### 4. CESIÓN GRATUITA DE BEN INMOBLE PARA DOTACIÓN PÚBLICA DENTRO DO SISTEMA DE EQUIPAMENTO LOCAL, EQUIPAMENTO RELIXIOSO.

Expediente de cesión gratuíta de ben inmoible para dotación pública dentro do sistema de equipamento local, equipamento relixioso (**Expdte. 2024/X998/000290**).

Vista a Resolución de 19/07/2017, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, pola que se modifica o acordo de concentración parcelaria da zona de Beán-Pereira II (Ordes-A Coruña), e se adjudica ao Concello de Ordes a titularidade do predio 327, que causa baixa no fondo de terras da zona par ser destinado ao fin de cemiterio no entorno da Igrexa de Pereira (DOG Nº 184, de data 27/09/2017).

Visto o disposto nos arts. 109, 110 e 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

Visto o ditame favorable, de data 21/07/2024 da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo co fondo da cuestión o obxectivo é dotar á veciñanza de instalacións suficientes para dar sepultura aos familiares, é unha necesidade obvia comprensible e ante a cal hai que ser sensibles. Agora ben o que non poden avalar é que unha entidade pública ceda gratuítamente parte do seu patrimonio á Igrexa Católica. Nin con esta entidade, nin con calquera outra entidade relixiosa. Caso distinto se esta cesión de terreos se fixese á asociación de veciños. Non están en contra de que a veciñanza dispoña de panteóns suficientes. Ceder patrimonio público a unha entidade relixiosa non debe ser o mecanismo para conseguilo, gustaríalles que se tomase outra vía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no mesmo sentido, non é lóxico que se ceda un ben municipal á Igrexa Católica. Ven unha incongruencia na proposta da Alcaldía na que se di que os restantes cemiterios que existen nas restantes parroquias, doce, que integran o termo municipal de Ordes teñen a consideración de cemiterios parroquiais da Igrexa Católica, non sabe se o cemiterio de Parada é parroquial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é certo que o cemiterio de Parada, unha parte, non todo el esta en terreo privado, non é un cemiterio parroquial, despois xa se sabe o problema que teñen os veciños para que determinados acudan alí por que consideran que non é un cemiterio relixioso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a facer a tramitación que lles pediron os veciños e que foi acordada co Arcebispado. O concello é unha parte máis, o intermediario para a súa posta a disposición. O que se está a facer é un trámite en favor dos veciños. Son eles os que deciden que sexa cedido ao Arcebispado. Non se poden opoñer. Se cando estean por Pereira lles queren explicar outra cousa díganlla.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal ríos, que sinala que si existen outros casos no concello que non é así, non entenden que sexa unha condición sine qua non, nese sentido van absterse para que se poida autorizar o uso deste cemiterio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se ven a documentación da Xunta de Galicia para esa transmisión é para que se destine a ese fin. Se esta finca é propiedade do Concello e así o establece a Xunta Local de concentración parcelaria foi tendo en conta os previos acordos co Arcebispado nese momento. O concello é a parte intermedia entre a Xunta de Galicia e o Arcebispado. Aquí o que hai é unha encomenda dos veciños de Pereira que van a proceder a cumprir. Voten en consecuencia.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión gratuíta da parcela nº 327 da Zona de Concentración Parcelaria de Beán-Pereira II a favor da igrexa Católica-Arcebispado de Santiago de Compostela, para ser destinado ao fin de ampliación do cemiterio parroquial de Santa Eulaida de Pereira.

2º.- Abrir un trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro da sede electrónica deste Concello, a efectos de presentación de alegacións por calquera interesado.

### **5. DENOMINACIÓN DO ESPAZO AUDITORIO CASA DA CULTURA DE ORDES.**

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“María del Carmen Regueira Amor, nada na parroquia de Leira, Ordes, o 14 de xullo de 1950, recoñecida comunmente por “Carmiña dos muñecos, a dos traxes ou do museo”, ten unha vida cun marcado enfoque ligada ao eido cultural e de colaboración desinteresada coa sociedade ordense, dedicada especialmente á restauración e confección de traxes tradicionais que posibilitaron conservar e enriquecer a nosa cultura e a vez conservar o seu patrimonio, labor que axudou a manter viva a nosa herdanza no folclore xunto coa existencia de múltiples entidades e agrupacións presentes no noso municipio de Ordes.

Carmiña estivo e continua a estar sempre disposta a botar unha man colaborando con este Concello cando se lle pide, sexa no Nadal, pola cabalgata de reis, no entroido, nas festas patronais, así como na Semana Santa na organización dos actos da Cofradía de la Virgen de los Dolores y Soledad de Ordes, con Cáritas, ... etc.; ademais de atoparse en todo momento colaborando con todas e cada unha das entidades culturais e agrupacións veciñais do noso concello, da comarca, ou calquera outra que lle pida a súa opinión ou achega profesional.

Carmiña é tamén, xunto con Manuel Viqueira, a encargada diaria da xestión e organización das exposicións de vestidos existentes no Edificio municipal Mostra do Traxe Juanjo Liñares, atendendo e acompañando nas visitas, e coidando todos e cada un dos traxes e demais obxectos que forman parte do legado que Juanjo decidiu se conservase na vila que o veu nacer. Foi esa unha petición expresa de Juanjo a Carmiña.

Carmiña é merecedora do recoñecemento e agradecemento por parte do pobo de Ordes desta colaboración e labor que ven desenvolvendo no eido cultural e social.

Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

1. Que o espazo do auditorio da Casa da Cultura de Ordes pase a denominarse María del Carmen Regueira Amor.

2. Fixar o venres 13/09/2024 como data do acto público, no que en horario de tarde, se procederá a descubrir unha placa co seu nome, que se instalará no interior do edificio da Casa da Cultura de Ordes, ao carón das portas de acceso ao auditorio”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como ben din Carmiña é a número un en prestar a súa axuda dunha maneira altruísta, é unha persoa coa que podes falar de calquera cousa independentemente da túa ideoloxía, é unha persoa que se implica moito coa veciñanza, polo tanto están totalmente de acordo con esta medida.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que concordan en que Carmiña sexa merecedora dun recoñecemento e gratitude por parte do pobo de Ordes. Non están de acordo en que o auditorio da Casa da Cultura sexa o espazo máis axeitado. O nome do auditorio da Casa da Cultura debería ser para unha asociación, entidade, agrupación máis vinculada co espazo pola súa labor musical, teatral, ...etc. consideran máis axeitado que co nome de María del Carmen Regueira Amor tería máis sentido que se nomease a sala de exposicións do Edificio Mostra do Traxe Juanjo Liñares, onde habitualmente desempeña a súa labor e co que esta vinculada nos últimos anos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a proposta é esta, da que son coñecedoras as entidades culturais deste concello que tomaron como súa e que o que fan e levala adiante na parte que lles corresponde. Esta non é unha cuestión plenaria, pero como é costume cando se trata de nomes de rúas é importante que o pleno poida pronunciarse expoñendo cada un o seu plantexamento como representantes dos veciños. As agrupacións e entidades culturais que son copartícipes desta petición, así foi xa trasladado á interesada que o agradece. A proposta mantense aínda que outra idea sería posible. É o que xa está falado e acordado.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están de acordo con este recoñecemento, non concordan co espazo elixido. Formulan unha abstención polo lugar, non polo recoñecemento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que Carmiña engloba a todas esas entidades ás que se podería facer mención de forma individual. Con este recoñecemento estase a facer un recoñecemento a todas e cada unha destas entidades coas que Carmiña realizou o fixo algo para que estas estean vivas ou presentes na nosa cultura. o recoñecemento é merecido, o espazo idóneo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Que o espazo do auditorio da Casa da Cultura de Ordes pase a denominarse María del Carmen Regueira Amor.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. Fixar o venres 13/09/2024 como data do acto público, no que en horario de tarde, se procederá a descubrir unha placa co seu nome, que se instalará no interior do edificio da Casa da Cultura de Ordes, ao carón das portas de acceso ao auditorio.

### 6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### 7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estruture a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda una cuarta realmente importante. O mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todos os galegos e galegas senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso do Autoestrada Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013. Porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo. Primeiro un Goberno de Felipe González, do Partido Socialista, prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un Goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1000 M€-, agora xa totalmente de capital foráneo ao Estado español, en mans de fondos voitre, á conta de que os galegos e galegas sigan a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

O conxunto da sociedade galega leva moito tempo reclamando pór fin á concesión, moito tempo reclamando unha AP-9 galega e libre de peaxes. Para logralo o BNG impulsou iniciativas neste sentido en todas as institucións. No Parlamento galego xa en catro ocasións a proposta para a transferencia da AP-9 á Galiza foi acordada por unanimidade de todas as forzas políticas e debatida neste Congreso en dúas.

A capacidade de negociación do BNG levou a que o Goberno establecese bonificacións para os usuarios e usuarias habituais que xa están en vigor desde o ano 2021 e que chegan a 60% das tarifas. Mesmo, conforme ao establecido no último acordo de investidura, as bonificacións deben aumentarse aínda até 75% e ser aplicadas tamén na AP-53, por certo, outra autoestrada cunha concesión de longa duración de 75 anos. Un compromiso revalidado polo propio Ministro na súa intervención en que anunciou que espera sexa executado no presente exercicio.

Mais non é suficiente o abaratamento das peaxes para os usuarios e usuarias habituais da AP-9, senón que esta autoestrada debe pasar a ser libre de peaxe. Lograr este obxectivo na actualidade está perfectamente xustificado se consideramos que, segundo a Comisión Europea, as prórrogas nas concesións foron adoptadas de forma irregular, polo que se podería declarar a nulidade da concesión actual. Así, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ao Estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrencia competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ao Estado español polo mesmo motivo. Existen, por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

O Ministerio debe realizar un estudo serio e fiábel sobre o verdadeiro custo de pór fin á concesión da Autoestrada do Atlántico. O Ministro avanzou a cifra de 4000 millóns de euros, porén ese cálculo non vén abalado por datos contrastados. Algunhas outras estimacións sitúano ao redor dos 2000 millóns de euros ou entre 2 e 3000 millóns de euros. Neste caso é preciso lembrar que o Goberno procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2300 M€ entre ese ano e 2048 para custear as bonificacións que se establecían na AP-9. Isto implica regalar 2300 millóns de euros a unha empresa privada de capital foráneo no canto de destinar eses mesmos recursos para converter en gratuíta a AP-9, co efecto positivo que iso tería no desenvolvemento social e económico da Galicia.

Ademais, si foron executados rescates milmillonarios noutras infraestruturas como o caso das radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe con exactitude o custo real aínda que se estima que se situou por riba dos 4000 millóns de euros. No caso da AP-9 na Galiza, resulta evidente que é moito máis favorábel para os intereses públicos pór fin á concesión da AP-9 que seguir regalando diñeiro de todos os galegos e galegas a unha empresa privada que fai un negocio escandaloso coas peaxes. Segundo os datos públicos da propia Audasa, só no ano 2023, os lucros da empresa na Autoestrada do Atlántico foron de 82,6 M€, un 25% máis que no ano anterior.

En definitiva, non hai razóns para non transferir a AP-9, como non as hai para non finalizar a concesión e que pase a ser unha autoestrada galega e libre de portaxes. O BNG



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

reclama, ao igual que o fai a grande maioría da sociedade galega, que se poña fin á estafa legalizada que implican as peaxes da Autoestrada do Atlántico, unha demanda socialmente xusta e que se axusta á legalidade vixente.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- a) A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
- b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- c) O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

2.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza, a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi aprobada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que o que se expón é un problema evidente que sofre toda a veciñanza de Ordes e todos os concellos de Galicia. É un problema herdado e dúas prórrogas, a primeira con Felipe González, desafortunada, e unha segunda de Aznar, atroz. Dende o ano 2021 gozamos das bonificacións históricas postas en marcha polo goberno socialista. Actualmente hai bonificacións para todos os vehículos todos os días da semana, gratuidade nos traxectos de volta dentro do mesmo día, rebaixa do 20 %, ... etc. No acordo de investidura co BNG recóllese chegar ata un 75 % de bonificación que tamén se aplicará a AP-53. Todas estas medidas son insuficientes, o desexable sería liberar as autoestradas galegas de peaxes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sabía que non se ían a pelexar por que teñen que ter en conta ese papel con dúas cuestións que asinaron na investidura. Resúltalle curioso que se fale de bonificacións, rebaixas, cando do que se trata é de desviar a atencións. Os cidadáns que analicen as contas públicas e verán que seguen estando nas contas do Estado. As pagamos todos os veciños. Querer vender estas rebaixas o que se fai e sacalas doutro lado. Pensaba que tamén iamos ter algo de debate co canon de Sogama, ao final o vai acabar asumindo a Xunta de Galicia, pero o imos acabar pagando todos os concellos por que vai a saír dos nosos impostos. En lugar de facer unha transferencia aos concellos van a destinarse os cartos para pagar ese burato que supón a implementación de medidas por parte do goberno central en canto á recollida do lixo. Todo sae do mesmo sitio. Falou de Felipe González e esqueceu a Zapatero que case fundiu a este país. Critica os números que hai que facer para manter unha piscina climatizada aberta e despois non é capaz de criticar a suba dun 500 % da autoestrada nos últimos anos. Colla as cifras. Todas esas bonificacións e medidas teñen que incorporarse aos OXE, vendendo cos cartos dos veciños facer cousas maravillosas en papel mollado para facer a alguén presidente do goberno. O que queren é reformar os acordos segundo o que se acordou no Parlamento Galego. Propón unha emenda de substitución/engádegalo, sen desvirtuar para nada os seus acordos, que di: punto 1.c) A



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

transferencia da AP-9 á Xunta de Galicia acompañada dos recursos necesarios para a execución das obras pendentes. Engadir un punto 1.d) Realizar polo Estado un estudo serio e rigoroso dos custes do rescate. Punto segundo: instar á Xunta de Galicia a parte activa deste procedemento realizando un estudo propio no que se exploren e avalien os custes económicos que tería para o Estado a asunción directa da AP-9. Un punto terceiro: dar traslado aos grupos políticos do Congreso, Senado e do Parlamento de Galicia. Pide que se atendan estas emendas.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que papel mollado no é que o viaxe de volta no mesmo día sexa grauíto ten pouco.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao final hai que hai que por ese diñeiro nos OXE e ao final sigue saíndo do peto de todos a través dos impostos. É o que importa

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tamén hai que pagar os peaxes por que houbo unha prórroga do PP ata o ano 2048. En principio non terían problema ningún en aceptar a emenda. Propón que o punto 1.d) da emenda de engádego sexa substituído polo punto segundo da moción eliminando as mencións ao Goberno do Estado e Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o facemos así.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de once dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Instar ao Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- a) A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
- b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- c) A transferencia da AP-9 a Xunta de Galicia acompañada dos recursos económicos necesarios para a execución das obras pendentes.
- d) A encargar sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalien os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.

2.- Instar a Xunta a ser parte activa deste procedemento realizando un estudo propio no que se exploren e se avalien os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.

3.- Dar traslado dos presentes acordos aos grupos parlamentarios do Congreso, Senado e da Autonomía de Galicia.

### 8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- As nais e pais das nenas/os usuarias/os do parque do Campo da Feira aseguran que o cierre do minifutbito é moi baixo e que teñen que saír do recinto en numerosas ocasións a recoller a pelota co perigo que supón pola cercanía á estrada. Tamén indican que se lles queda atorada na cuberta adxacente . Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda a elevar o cierre de dito campo de xogos e a instalación de bandas rugosas na estrada para limitar a velocidade dos coches como xa existen máis adiante no paso de peóns elevado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a exposición de motivos e solicitude é un pouco confusa. A pista multideporte esta feita dende o ano 2017, ten a altura máxima habitual nunha instalación deste tipo 2,00 m. Non é posible elevar máis a altura neste momento.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que se refiren a que se instalen unhas redes como as existentes no Parque Félix Rodríguez de la Fuente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso é algo totalmente distinto. Non ten nada que ver. Isto non é posible se non se fai unha estrutura totalmente nova cun custe de 70-80.000 euros.

- A veciñanza que pasea pola zona do polígono cos seus cans quéixase polo perigo que supón un estanque de auga que ten a base plástica (43.097565,-8.398472), xa que os animais acércanse a ver e a fauna e a beber.

Tras caer varios animais nela tendo que ser socorridos polos seus donos (unha vez dentro son incapaces de saír debido a que esvaran no plástico), solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda a facer un correcto firme do estanque para evitar que esvaren os animais ou o seu peche para impedir que os animais teñan acceso a ela.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a convida que visite a obra do PIMA que se executou. Ten unha zona que está perfectamente a nivel, ten que levar unha maia plástica para impermeabilización. Hai que dar un prazo para que se rexenere a vexetación na marxe da charca para un correcto funcionamento a mesma.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que é o que lle trasladan os veciños. Un dos cans o atendeu ela con síntomas de afogamento. Falan do que hai. O illamento é necesario para evitar as perdas de auga, pero hai certas reixas para que os animais non esvaren.

- Tras os avisos da veciñanza de Mercurín pola cantidade de accidentes que se concentran na zona da escola (43,1123157,-8,4203171), percatámonos de que ese cruce non aparece sinalizado. Se ben existen sinalizacións que prohíben o



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

adiantamento, a presenza do cruce non aparece sinalada en dirección Ordes-Cerceda. Si aparece sinalado en sentido contrario.

Rogamos:

Notificar estas deficiencias e solicitar sinalización para aumentar a seguridade da veciñanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na DP 3802 (Ordes – Pontecarreira) existe unha sinal de tráfico tirada na cuneta.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen os trámites necesarios para repoñer dita sinalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foron avisados os 16/06/2024, como é habitual a Deputación non resolve.

- No aparcadoiro do tanatorio do Balado non existe nin sinalización horizontal nin vertical para a circulación de vehículos. Esta situación ocasiona confusión entre as persoas usuarias que visitan as instalacións podendo xerar colisións.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se sinalice debidamente o itinerario do aparcadoiro do tanatorio do Balado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día se estableceu a sinalización con dobre circulación en todos e cada un dos carrís de circulación. Non é axeitado o que demandan.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Estes últimos días están a producirse demoras nas citas de atención primaria do Centro de Saúde de ata 1 mes. Segundo o propio persoal administrativo do centro, isto é debido a que de dos 9 médicos só están pasando consulta 3.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que demande á Consellería de Sanidade persoal para cubrir as baixa e vacacións no Centro de Saúde de Ordes, para que os usuarios non teñan que agardar 1 mes para seren atendidos.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén ao Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Segundo nos traslada a veciñanza, á hora de intentar reservar algún dos pavillóns municipais para a práctica deportiva ou xogar algún partido, trasladaron desde o concello que no verán non ía ser posible.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A permitir a practica deportiva nos pavillóns durante o verán, habilitando os medios que sexan necesarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que so lles consta unha demanda neste sentido facilitándolle outras opcións para non prexudicar as vacacións do persoal que as ten concedidas de sempre nesas épocas. Sabían o que acontecía con ese tipo de uso e nesos horarios ao longo do ano.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na pista que comunica a vía de servizo da N-550 co núcleo da Portela, na parroquia de Leira, existen diversos vertidos (electrodomésticos, sanitarios de baños...), tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan.

Tamén existe outro vertedoiro nas proximidades do núcleo da Portela, no que quedaron depositados a carón da pista diversos elementos de mobiliario.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa retirada e xestión dos citados residuos.  
A efectuar as pertinentes pescudas para intentar localizar ás persoas infractoras.  
A levar a cabo unha campaña de sensibilización sobre os vertedoiros.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que se deu traslado á policía local para identificar ao infractor, adoptándose seguidamente as medidas oportunas. Tamén se dará traslado á empresa para a súa recollida.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A pista que se sinala, entre os núcleos de Cestaños e O Alto, presenta un mal estado de conservación, con numerosas fochancas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder co arranxo da pista.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta en previsión na Consellería do Medio Rural fai unhas semanas, son coñecedores desta situación.

- Xa temos falado en diversas ocasións no pleno da corporación municipal sobre as obras na pista que comunica o casco urbano do Mesón do Vento co núcleo de Morgade.

As obras deron comezo, e a pesares de trasladar ao goberno municipal en diversas ocasións que a veciñanza da zona tiña interese en endereitar a pista, ao final non semella que se vaia a facer nada ao respecto.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A xuntar á veciñanza da zona para explorar a posibilidade de endereitar a citada pista, a través do mecanismo que resulte mais axeitado (convenio urbanístico, cesión dos terreos, tramitación dunha modificación puntual do PXOM de Ordes, ...etc.).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no anterior pleno contestouse un rogo/pregunta do PSOE. A obra vai a executarse na zona de dominio público de concentración parcelaria de Ardemil que foi o que se estaquillou alí. Estamos a falar dun solo urbano consolidado coas aliñacións establecidas que poden non coincidir coa delimitación de concentración parcelaria. O convenio urbanístico nun solo urbano consolidado non é viable, unha cesión foras das aliñacións marcadas polo PXOM non é viable. Una modificación puntual, a parte do prazo de duración da súa tramitación, require unha previa xustificación do interese xeral. O concelleiro delegado de obras falou coa veciñanza infinidade de veces, sabe o que hai. A maioría o que quere é que se execute a obra, que se faga unha limpeza. Estar a pelexar con Telefónica para que termine a súa parte. É un proxecto do POS+ 2022. A única posibilidade aquí é que os veciños se poñan de acordo e presenten un estudo de detalle para definir unha nova aliñación, non corresponde á administración, podendo facilitarse a documentación necesaria.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non están a falar de que se faga esta actuación agora, saben que a obra está en marcha e estes procesos levan tempo. O que propoñen é xuntar á veciñanza se hai ese interese e intentar endereitar a pista. A curva resulta algo perigosa, quedaría mellor dereita. O interese xeral está xustificado, o concello ten tramitado modificacións puntuais para a eliminación dunha pista en Reboredo e non se pago con cartos dos veciños. É un caso semellante. As aliñacións están establecidas polo PXOM, poden modificarse. O PXOM presenta eivas que van dar lugar a modificacións puntuais. Se existe esa posibilidade nun futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o consultou hoxe e o que lle din é que é moi complicado xustificar aí unha modificación do PXOM. Así llo traslada. O lóxico é a realización dun estudo detalle polos veciños, previo acordo destes.

- O pavimento na rúa do Sancristán Francisco, do Mesón do Vento, presenta un estado de conservación lamentable, atopándose con numerosas fochancas, firme irregular, áridos desprendidos, pozos de saneamento formando resalto.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa axeitada pavimentación do viario.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa obra vai a facerse gracias a que o PP aprobou os orzamentos deste ano, co seu voto en contra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no anexo de investimentos do orzamento xeral para o 2024 non figura esta obra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no anexo de investimentos figuran todas e cada una das obras que se van a facer. Mire o capítulo correspondente, senón preguntou polo seu desglose.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se preguntou polo desglose na Comisión Informativa e a resposta que se deu foi para cousas que vaian xurdindo. Non figura, parécelles perfecto que digan que se vai a destinar a isto. Leva anos que se necesita.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- A veciñanza de Vilasuso (Beán) quéixanse de ter a entrada para as súas vivendas completamente chea de maleza, cando se trata dun camiño de servizo público para varias vivendas e que soamente se atopa asfaltado ata a entrada da primeira das vivendas. Indican qu dende o Concello se lles manifestou que “teñen acceso ás vivendas por outros camiños pero que en breve se amañará este”. A situación de abandono pedura duante os anos.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Cando se vai amañar dito camiño?.

¿Por que si se desbrozan os outros camiños da aldea e este queda sempre sen limpar sabendo que os veciños que usan ese camiño son persoas maiores que viven soas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostede trae o que lle piden, pero non é certo. O camiño xa está desbrozado dende a pasada semana. Fíase do seu concelleiro. Teñen outros accesos para as súas vivendas. No seu día a obra fíxose ata onde as máquinas podían actuar, despois actuouse a man.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Na rúa dos Lagartos permanecen instaladas unhas barandas dende fai varios meses. Estas constitúen un obstáculo na beirarrúa.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Cal é o motivo polo cal esas barandas levan tanto tempo instaladas?.

Cando se prevé prescindir da súa presenza?.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha actuación dun particular. Colocáronse unhas vaías por emerxencia polo concello. Despois a interesada puxo unhas propias. Despois de insistirle e insistirle a día de hoxe ten concedida as obras de demolición e peche, pendente de abono das taxas. Poderase prescindir da súa presenza cando execute as obras.

- Durante o mes de xuño, a ANPA Castealo, a petición das familias iniciou unha recollida de sinaturas para solicitar ás administracións públicas a mellora e arranxo das instalacións do colexio. Algunhas das peticións son as seguintes:

Cambio do solo dos comedores e aulas do edificio de educación infantil (aulas de 4 e 5 anos), pintado interior e renovación dos baños.

Instalación dunha cuberta lateral do edificio lateral para o abrigo do alumnado. - Arranxo do ximnasio (humidades das paredes).

Adaptación da instalación de fontanería conforme á normativa vixente e realización de revisión anual da mesma.

Substitución do material das cubertas que non foron renovadas os últimos anos e que poidan conter amianto.

Arranxo dos problemas de humidade do pavillón Castelao II.

Arranxo do solo dos patios para eliminar barreiras arquitectónica e evitar acumulación de auga (pozas).

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Trasladou o goberno municipal ditas demandas a Consellería competente?

¿Está plantexada algunha execución por parte do Concello de Ordes durante o período vacacional escolar que de resposta a algunha das necesidades plantexadas?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que lle foi dado traslado á Consellería de Educación e o goberno municipal durante a época estival fai as actuacións que son da súa competencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Estes días estase a actuar na cuberta do colexio Campomaioir, supoñemos que entre outros obxectivos, para retirar o fibrocemento con amianto.

Dado que existen mais edificacións e instalacións públicas que conteñen amianto, cómpre lembrar o exposto na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para a economía circular, a cal especifica na súa redacción, a necesidade de elaborar un censo das instalacións e emprazamentos con amianto por parte dos concellos, tal e como ven recollido na súa disposición adicional décimo cuarta.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Ten o concello de Ordes elaborado o correspondente censo das instalacións ou emprazamentos públicos con amianto, nos termos establecidos pola citada Lei 7/2022, incluíndo un almanaque que planifique a súa retirada?.

De ter dado cumprimento á citada obriga, ¿Foi remitido ás autorizadas sanitarias, medioambientais e laborais galegas competentes? ¿En que data?.

Dado o carácter público que deben ter tanto censo e o calendario, ¿onde se poden consultar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ningún concello de Galicia, non hai constancia na FEMP de que ningún concello o teña presentado ou iniciados os trámites. Agradecer o compromiso da Xunta de Galicia para investir 400.000 euros para renovar todas as cubertas do CEIP Campomaior que se está executando. No día de onte o concello recibe por parte da FEMP a versión final das directrices para levar a cabo as obrigas estipuladas na disposición adicional décimo cuarta da Lei 7/2022 no que se indica que se apoiarán aos concellos para elaborar os censos namentres no se aproben outros regulamentos específicos que desenrolen esta disposición adicional. O 03/04/2024 remitiuse ao concello por parte da FEGAMP no que se solicitan suxerencias ou observacións ás directrices para eles elaborar un informe. As directrices esixen que sexa persoal cualificado o que ten que facer este traballo e asinar. Apróbase unha lei sen que se poñan a disposición fondos, exista persoal cualificado e unhas directrices explicando como facer isto. As directrices indican que o goberno se compromete a dar apoio, que ten que se económico e técnico. Os edificios que teñen que estar libres de amianto antes de 2028, colexios, bibliotecas, casas consistoriais, residencias de maiores, salvo algún edificio puntual no Mesón do Vento non temos esa circunstancia en edificios municipais. É necesaria unha prórroga importante para adaptarse a isto e que se poida facer.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non son so os edificios, tamén as instalacións. Xa dispón desas Directrices.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- ¿Como está a tramitación da autorización para a instalación de sinalización na vía pública da Feira da Adina en Mesón do Vento?.

Intervén o Sr. Alcalde, que indica que veu denegada por que non consideran necesaria esa sinalización.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que pregunta cales son os motivos da denegación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que terá que pasarse a falar cos técnicos da Deputación e Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. A vía é deles.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cincuenta e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias